



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XII lexislatura  
Número 42  
21 de xuño de 2024



CSV: BOPGDSPG-93x7H0ZvH-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

##### Rexeitamento da iniciativa

###### I 4678 (12/PNC-000567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en 2024 para axustarse ás recomendacións incluídas nos informes do Consello de Contas relativas á mellora da transparencia e eficiencia das entidades instrumentais do sector público autonómico

[16035](#)

#### COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

##### Aprobación sen modificacións

###### I 516 (12/PNC-000029)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e sete deputados/as máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central en relación co Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios e a planificación da formación de especialistas

[16035](#)

###### I 540 (12/PNC-000033)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que este volva á bonificación do cen por cento dos seguros sociais nas baixas por maternidade

[16036](#)

##### Rexeitamento da iniciativa

###### I 2901 (12/PNC-000365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora asistencial do Centro de Saúde do Barco de Valdeorras na especialidade de pediatría

[16036](#)

###### I 3339 (12/PNC-000418)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha mellora na dotación da Costa da Morte de centros de día de atención aos maiores

[16036](#)



**I 4796 (12/PNC-000584)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que proceda a licitar con urxencia o proxecto básico e de execución para a construción do Centro de Saúde de Meis [16036](#)

**COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES****Aprobación sen modificacións****I 467 (12/PNC-000020)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central co fin de que modifique o Real decreto 637/2021, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, no que concirne ás explotacións de autoconsumo [16037](#)

**Rexeitamento da iniciativa****I 2926 (12/PNC-000369)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as liñas básicas do plan estratéxico que debe executar a Xunta de Galicia na súa política de loita contra a praga da avespa asiática [16037](#)

**I 4874 (12/PNC-000592)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no modelo organizativo dos dispositivos de loita contra os incendios forestais [16038](#)

**I 5014 (12/PNC-000603)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar neste ano 2024 en materia de formación continua no sector agroforestal [16038](#)

**2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento****2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos****2.2.5. Composición das comisións**

**I** Resolución da Presidencia, do 20 de xuño de 2024, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo en distintas comisións (doc. núm. 6150) [16038](#)



## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

■ Corrección de erros na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 40, do 19 de xuño de 2024, fasc.1, do acordo da Mesa da Comisión de Peticións do 18 de xuño de 2024, polo que se nomea a Ponencia encargada de emitir o informe sobre o Proxecto de modificación do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo [16042](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 20 de xuño de 2024, adoptou os seguintes acordos:

#### Rexeitamento da iniciativa

- 4678 (12/PNC-000567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en 2024 para axustarse ás recomendacións incluídas nos informes do Consello de Contas relativas á mellora da transparencia e eficiencia das entidades instrumentais do sector público autonómico  
BOPG nº 31f2, do 29.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2024  
María Montserrat Prado Cores  
Vicepresidenta 2ª

#### COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 20 de xuño de 2024, adoptou os seguintes acordos:

#### Aprobación sen modificacións

- 516 (12/PNC-000029)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e sete deputados/as máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central en relación co Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios e a planificación da formación de especialistas  
BOPG nº 9f2, do 11.04.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, 2 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:



«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandarlle que tome as medidas oportunas para garantir que o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios conte con información fiable de todas as especialidades e de todos os actores do sistema de saúde de xeito que poida ser un instrumento efectivo para planificar as necesidades de formación de especialistas do Sistema Nacional de Saúde e prever a aparición de déficits de profesionais de determinadas especialidades.»

- 540 (12/PNC-000033)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que este volva á bonificación do cen por cento dos seguros sociais nas baixas por maternidade

BOPG nº 9f2, do 11.04.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, 2 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ó Goberno central para solicitarlle a recuperación do 100 por cento da bonificación polas baixas de maternidade.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 2901 (12/PNC-000365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora asistencial do Centro de Saúde do Barco de Valdeorras na especialidade de pediatría

BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 3339 (12/PNC-000418)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha mellora na dotación da Costa da Morte de centros de día de atención aos maiores

BOPG nº 24f2, do 15.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 4796 (12/PNC-000584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis



Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que proceda a licitar con urxencia o proxecto básico e de execución para a construción do Centro de Saúde de Meis  
BOPG nº 31f2, do 29.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2024  
María Montserrat Prado Cores  
Vicepresidenta 2ª

### **COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES**

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 19 de xuño de 2024, adoptou os seguintes acordos:

#### **Aprobación sen modificacións**

- 467 (12/PNC-000020)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central co fin de que modifique o Real decreto 637/2021, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, no que concirne ás explotacións de autoconsumo

BOPG nº 9f2, do 11.04.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 7 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que modifique o Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma.»

#### **Rexeitamento da iniciativa**

- 2926 (12/PNC-000369)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as liñas básicas do plan estratéxico que debe executar a Xunta de Galicia na súa política de loita contra a praga da avespa asiática

BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.



- 4874 (12/PNC-000592)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no modelo organizativo dos dispositivos de loita contra os incendios forestais

BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 5014 (12/PNC-000603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e tres deputados/as máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar neste ano 2024 en materia de formación continua no sector agroforestal

BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2024

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

#### 2.2.5. Composición das comisións

**Resolución da Presidencia, do 20 de xuño de 2024, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo en distintas comisións (doc. núm. 6150).**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 6150, o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo en distintas comisións.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. Popular de Galicia :

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Baixas:

Baladrón Lamas, Víctor Manuel

Grueira Fernández, Nicole





Mato Díaz, Jose Manuel  
Pérez López, Noelia

Altas:

Prieto Perille, Pablo  
Rodríguez Carrera, María Felisa  
Rodríguez Martínez, Roberto  
Varela Fernández, Katherinie

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Baixas:

Hermelo Piñeiro, María Dolores

Altas:

Varela Fernández, Katherinie

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Baixas:

Barreiro Sánchez, Enrique  
Deza Martínez, María  
Hermelo Piñeiro, María Dolores  
Lorenzo Gómez, Rubén

Altas:

Casares Gándara, Juan  
García Comesaña, Julio  
Pazos Couñago, Alberto  
Santos Costa, Manuel

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Baixas:

Hermelo Piñeiro, María Dolores  
Verea Fraiz, Borja

Altas:

Rodríguez Carrera, María Felisa  
Vázquez Suárez, Cecilia

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO:

Baixas:

García González, Patricia  
Pazos Couñago, Alberto



Rodríguez Martínez, Roberto  
Santamaría González, Raúl  
Trenor López, Gonzalo

Altas:

Baladrón Lamas, Víctor Manuel  
Hermelo Piñeiro, María Dolores  
Marnotes Fernández, Argimiro  
Vázquez Mourelle, Ethel  
Vázquez Suárez, Cecilia

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Baixas:

Baladrón Lamas, Víctor Manuel  
Barreiro Sánchez, Enrique  
Hermelo Piñeiro, María Dolores  
Mato Díaz, Jose Manuel  
Pazos Couñago, Alberto

Altas:

Fidalgo Iglesias, Miguel  
Rodríguez Carrera, María Felisa  
Rodríguez Conde, Ángel  
Verea Fraiz, Borja  
Viso Diéguez, Miguel Ángel

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDERÍA E MONTES

Baixas:

Arias Rodríguez, Raquel  
Candia López, Elena  
Lorenzo Gómez, Rubén  
Pérez López, Noelia

Altas:

Barreiro Sánchez, Enrique  
Rodríguez Conde, Ángel  
Vázquez Suárez, Cecilia  
Viso Diéguez, Miguel Ángel

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Baixas:

Pazos Couñago, Alberto  
Rodríguez Martínez, Roberto  
Trenor López, Gonzalo



## Altas:

Fernández Rosende, Jesús María  
Prieto Perille, Pablo  
Santos Costa, Manuel

## COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

## Baixas:

Rodríguez Carrera, Felisa  
Rodríguez Martínez, Roberto  
Sanz Arias, Cristina  
Verea Fraiz, Borja

## Altas:

Baladrón Lamas, Víctor Manuel  
Fernández Rosende, Jesús María  
Mouzo Más, Paula  
Rodríguez Conde, Ángel

## COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS

## Baixas:

Pomar Tojo, Carmen

## Altas:

Casares Gándara, Juan  
Hermelo Piñeiro, María Dolores  
Pérez López, Noelia  
Viso Diéguez, Miguel Ángel

## COMISIÓN DO REGULAMENTO

## Altas:

Fernández Rosende, Jesús María  
Mato Díaz, José Manuel  
Rodríguez Conde, Ángel  
Rodríguez Martínez, Roberto  
Varela Fernández, Katherinie  
Viso Diéguez, Miguel Ángel

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

**Corrección de erros na publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 40, do 19 de xuño de 2024, fasc.1, do acordo da Mesa da Comisión de Peticións do 18 de xuño de 2024, polo que se nomea a Ponencia encargada de emitir o informe sobre o Proxecto de modificación do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo**

Advertido un erro material na publicación do acordo da Mesa da Comisión de Peticións do 18 de xuño de 2024 (BOPG núm. 40, do 19 de xuño de 2024, fas.1), procédese á súa corrección nos seguintes termos:

No sumario e no título da iniciativa:

Onde di:

«...(doc. núm. 12861; 10/PMRE-000001)...»

Debe dicir:

«...(doc. núm. 3444; 12/PMRE-000001)...»

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2024

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

